

## **ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Debido á situación especial que vivimos, derivada da pandemia do COVID19, o equipo de 6º nivel de Educación Infantil realizamos a seguinte adaptación na programación didáctica inicial. Reducimos e recolleemos só aqueles obxectivos e contidos que pensamos que podemos traballar e valorar neste 3º trimestre do curso 2019/20.

### **ÁREA COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **OBXETIVOS**

- Recoñecer a existencia de diferenzas e semellanzas físicas entre as persoas.
- Adquirir hábitos elementais de saúde e hixiene.
- Identificar os órganos sensoriais que interveñan na percepción e coñecer a súa función.
- Utilizar as propias posibilidades motrices e expresivas para desenvolver diferentes actividades da vida cotiá.
- Coñecer e respectar as normas básicas de xogos compartidos e regrados.

#### **CONTIDOS**

- Aceptación da propia identidade e das súas posibilidades e limitacións e valoración das diferenzas e semellanzas entre as persoas como un feito positivo.
- Identificación de hábitos básicos relacionados coa hixiene persoal e a saúde.
- Os sentidos: Identificación dos órganos sensoriais e exploración dos sentidos que interveñen en cada percepción.
- Iniciativa e autonomía nas tarefas diarias, no xogo e na resolución de pequenos problemas na vida cotiá.
- Gusto polo traballo ben feito, tanto propio como alleo.
- Hábitos de comportamento relacionados co xogo e disposición favorable para compartir e coidar os xoguetes.

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Distingue diferenzas e semellanzas físicas entre persoas, valorándoas positivamente.
- Emprega hábitos elementais de saúde e de hixiene
- Coñece os órganos sensoriais e a súa función.
- Desenrola as posibilidades motrices e expresivas nas actividades da vida cotiá.
- Avanza na adquisición de normas básicas para os xogos compartidos.

### **ÁREA DE COÑECEMENTO DO ENTORNO**

#### **OBXETIVOS**

- Identificar e trazar números e asocialos á súa cantidade.
- Explorar as características dos obxectos.
- Resolver sinxelos problemas de sumas con apoio gráfico.
- Observar os cambios ambientais que se producen co paso das estacións e valorar a súa repercusión nas actividades das persoas.
- Identificar algunhas manifestacións festivas propias e doutros lugares.
- Discriminar distintos tipos de vivenda segundo o medio físico no que se sitúan e as súas dependencias.

### CONTIDOS

- Recoñecemento de números, a súa escritura e a asociación deles coas súas cantidades. Descomposición e agrupación de elementos.
- Clasificación e recoñecemento de obxectos e as súas características e diferenciación das súas propiedades.
- Resolución de sumas sinxelas.
- Realización dun rexistro atmosférico e identificación das características máis relevantes das estacións.
- Recoñecemento das celebracións tradicionais galegas e foráneas como manifestacións culturais.
- A casa: tipos, características e dependencias. A súa representación. Identificación e descrición das distintas dependencias.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realiza e identifica números e asóciaos ás súas cantidades.
- Recoñece distintas propiedades dos obxectos.
- Iníciase na resolución de sumas e problemas sinxelos.
- Identifica distintos cambios que se producen nas estacións.
- Mostra interese polas distintas celebracións.
- Recoñece distintos tipos de vivendas e as súas dependencias.

### ÁREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

#### OBXETIVOS

- Utilizar a linguaxe oral para describir obxectos, acontecementos e situacións.
- Coñecer as posibilidades da linguaxe escrita para comunicar ideas e sentimentos.
- Atender e comprender narracións, contos e mensaxes orais.
- Introducirse no uso dos medios audiovisuais.
- Familiarizarse con obras de arte e experimentar con distintas técnicas plásticas.
- Coñecer e experimentar as propiedades sonoras do corpo e de obxectos cotiás.

- Desenvolver actitudes de escoita e atención nas audicións musicais.
- Dramatizar e expresar, por medio do corpo, cancións, contos, poemas e textos orais de tradición cultural.

### CONTIDOS

- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como instrumento para comunicar sentimentos, ideas e intereses propios.
- Valoración e interese da funcionalidade da escritura na vida cotiá.
- Actitude de escoita e respecto nas distintas situacións comunicativas que se dan na aula: contos, narracións, asemblea...
- Comprensión do argumento de contos e diversos tipos de narracións.
- Gusto polo uso do linguaxe audiovisual.
- Experimentación e uso de distintas técnicas plástica a partir da observación e análise de obras de arte.
- Actitude activa e positiva nas actividades musicais.
- Expresión das sensacións producidas tras unha audición musical.
- Interese e gozo cos xogos e coas actividades baseadas na linguaxe corporal.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Emprega a linguaxe oral para expresar ideas, acontecementos e sentimentos.
- Iniciase no uso da lingua escrita para comunicarse
- Mostra unha actitude positiva na lectura de contos e narracións.
- Avanza no uso das tecnoloxías de información e comunicación.
- Identifica e experimenta con distintas expresións artísticas.
- Gústalle participar nas actividades relacionadas ca música.
- Mostra unha actitude activa na escoita de audicións musicais.
- Utiliza o corpo como medio de expresión a través de cancións, contos, textos de tradición cultura...